

Addenda ao Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Unidad de Vehículos Industriais, S.A. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

Ourense, trinta de maio de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia e nos Decretos 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E doutra, don Emilio José Vicente Pérez Nieto, administrador único da empresa Unidad de Vehículos Industriales, S.A. como representante legal da mesma, segundo consta no poder outorgado ante a notaria dona María José Rodríguez Tourón, con data 14 de setembro de 2009, e número de protocolo 1323.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que o 1 de xuño de 2012 asinouse un convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Unidad de Vehículos Industriais, S.A. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, para levar a cabo as seguintes actuacións:

- a. Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para alumnos/as que cursen formación profesional inicial e o seu desenvolvemento nas instalacións da empresa.
- b. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c. Creación dun programa de bolsas de formación por parte da empresa UNVI para alumnos/as de formación profesional inicial.
- d. Formación, actualización e reciclaxe dos traballadores/as da empresa UNVI.
- e. Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade, mediante o recoñecemento da experiencia laboral e dentro da normativa vixente, dos/as traballadores/as da empresa UNVI.
- f. Promoción do emprendemento entre os titulados de formación profesional.
- g. Creación dun Aula UNVI no IES Universidade Laboral de Ourense.
- h. Promoción e difusión destas ensinanzas, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.

2. Que a cláusula décimo sexta relativa á vixencia do mesmo establece que: O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de dous anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente.

3. Ambas partes están de acordo en ampliar a vixencia deste convenio e asinan esta addenda en base á seguinte cláusula,

CLÁUSULA

Única. A través desta addenda prorrógase a vixencia do convenio durante dous anos máis.

Lida a presente addenda, atópana conforme e asínana no lugar e data indicadas.

**O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

**O administrador único da empresa
UNVI, S.A.**

Jesús Vázquez Abad

Emilio José Vicente Pérez Nieto